

## **Regulamento de prácticas académicas externas curriculares das titulacións da E.S. de Enxeñaría Informática**

Aprobado en Xunta de Centro o 20/06/2012

Aprobado en Xunta de Centro o 30/10/2013

### **Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación**

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas curriculares do alumnado da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo que estea matriculado en calquera das súas titulacións.
2. O marco legal que regula as prácticas externas está definido polo disposto no Real decreto 1707/2011 do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios, no disposto no R.D. 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo (en adiante RPEAUV), aprobado polo Consello de Goberno o 24 de maio de 2012, así como polo presente regulamento e nas disposicións do plan de estudos de cada titulacións.
3. As prácticas externas poden adoptar dúas modalidades:
  - a. Prácticas externas curriculares, que se configuran como actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos do Centro.
  - b. Prácticas externas extracurriculares, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Estas prácticas son reguladas pola Universidade de Vigo segundo o artigo 5.5 do RPEAUV.
4. Este regulamento define os procedementos e responsabilidades establecidas para as prácticas externas curriculares (en adiante prácticas externas) no artigo 4.2 do RPEAUV.

## **Artigo 2. Definición e características das prácticas externas**

1. As prácticas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos propios do ámbito da Enxeñaría Informática.
2. As prácticas externas poden realizarse nas entidades, empresas e institucións establecidas polo RPEAUV.
3. As prácticas externas disporán da súa guía docente, aprobada pola Xunta de Centro nas mesmas condicións que calquera outra materia das titulacións do mesmo. O/A responsable de realizar a guía docente será o/a coordinador/a de prácticas do Centro.

## **Artigo 3. Persoas destinatarias das prácticas externas e requisitos para realizalas**

1. Pode realizar as prácticas externas o alumnado nas titulacións do Centro nas condicións que se establezan, así como os e as estudantes doutras universidades españolas ou estranxeiras que estean realizando estancias de estudo na Escola en programas de mobilidade ou por convenios bilaterais.
2. Para realizar as prácticas externas débese estar matriculado/a na titulación correspondente.
3. O alumnado de Grao debe ter superado un mínimo de 150 ECTS, incluíndo todos os créditos de formación básica, para poder solicitar a realización de prácticas.
4. O alumnado de Máster debe ter superado un mínimo de 42 ECTS para poder solicitar a realización de prácticas.

## **Artigo 4. Publicación das prácticas externas**

1. Antes do inicio de cada curso, a Escola fará pública unha relación de prácticas ofertadas en empresas e institucións, para cada titulación do Centro. Cada práctica especificará, de ser o caso, a especialidade na que debe estar matriculado/a o/a alumno/a para poder realizar esa práctica, e deberá levar asociado un proxecto formativo axustado ao establecido polo artigo 6 do RD 1707/2011 de 10 de decembro.

2. Os proxectos formativos presentados polas entidades colaboradoras deberán ser aprobados pola Comisión Permanente (para as prácticas de Grao) ou a Comisión Académica do Máster (para as prácticas de Máster) antes da súa publicación, garantindo para cada práctica a adecuación do traballo a realizar e as competencias a adquirir á titulación do alumnado ó que vai dirixida.
3. A publicación das ofertas de prácticas adecuarase ao establecido no artigo 17 do RD 1707/2011.
4. Unha vez publicada a oferta de prácticas, abrirase un prazo de presentación de solicitudes para o alumnado das diferentes titulacións.

## **Artigo 5. Adxudicación das prácticas externas**

1. Segundo o establecido no artigo 4.6 do RPEAUV, en función do número de prácticas ofertadas a Comisión Permanente poderá establecer, para as titulacións nas que a realización de prácticas sexa optativa, un numerus clausus anual axustado á oferta de prazas dispoñibles para a súa realización. Neste caso, serán adxudicadas con base ao establecido no artigo 17 do RD 1707/2011 e á nota media do expediente do alumnado solicitante.
2. O alumnado admitido para a realización das prácticas escollerá destino entre as prácticas ofertadas, por estricta orde de adxudicación.
3. No caso das prácticas do Grao, se o número de solicitudes é menor que o número de prácticas ofertadas, o alumnado poderá escoller un segundo período de prácticas, ata agotar as prazas dispoñibles.
4. Se administrativamente resulta posible, o Centro poderá abrir unha segunda convocatoria de prácticas durante o curso académico.
5. Se un/unha alumno/a chega a un acordo cunha empresa para a realización dunha práctica que cumpra as condicións para ser considerada unha práctica curricular, poderá solicitar á Comisión Permanente (para as prácticas de Grao) ou á Comisión Académica do Máster (para as prácticas de Máster) a adxudicación directa desa praza, sempre que o faga nos períodos nos que administrativamente sexa posible realizar a matrícula correspondente.

## **Artigo 6. Da tutela do alumnado nas prácticas externas**

1. O/A coordinador/a das prácticas nomeado/a anualmente pola Xunta de Centro será o/a encargado/a de publicar a información previa, de asesorar e informar ao alumnado en prácticas, especialmente das súas obrigas e dereitos, recollidos no artigo 9 do RD 1707/2011.
2. A Comisión Permanente (para as prácticas de Grao) ou a Comisión Académica do Máster (para as prácticas de Máster) nomeará, entre o profesorado do Centro, ao profesorado titor académico para a realización das prácticas externas, para o que abrirá un prazo de presentación de solicitudes. Poderán ser titores/as académicos/as profesores e profesoras pertencentes a outros Centros, segundo os criterios establecidos no artigo 6.3 do RPAV.
3. No caso de que existan máis solicitudes que prácticas a titorizar, a Comisión Permanente (para as prácticas de Grao) ou a Comisión Académica do Máster (para as prácticas de Máster) decidirá atendendo a criterios que teñan en conta a adecuación do ámbito do profesorado solicitante coa natureza das prácticas.
4. No caso de que non exista un número suficiente de voluntarios/as para as tarefas de titorización, realizarase un sorteo entre o profesorado do Centro cos criterios que estableza a Comisión Permanente (para as prácticas de Grao) ou a Comisión Académica do Máster (para as prácticas de Máster).
5. A Xunta de Centro establecerá, no marco que determine a normativa da Universidade de Vigo, o recoñecemento do profesorado nas tarefas de titorización de prácticas externas.

## **Artigo 7. Da cualificación das prácticas externas**

1. Á finalización do período de prácticas, no prazo establecido na convocatoria, o/a titor/a da entidade colaboradora e o/a estudante entregarán ao/á titor/a académico/a unha memoria final e sendos informes sobre o traballo desenvolvido polo/a estudante, segundo o establecido nos artigos 13 e 14 do RD 1707/2011.
2. O método de avaliación será o que recolla a guía docente, que deberá ter en conta os informes mencionados no parágrafo anterior. A avaliación e cualificación será realizada polo/a titor/a académico/a ou, na súa ausencia, polo/a coordinador/a de prácticas do Centro.

## Disposición final

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

DILIXENCIA para facer constar que o presente "Regulamento de prácticas académicas externas curriculares das titulacións da E.S. de Enxeñaría Informática" foi aprobado pola Xunta de Centro Ordinaria da Escola Superior de Enxeñaría Informática na data de 30 de outubro de 2013 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da Escola o día 31 de outubro de 2013.

O SECRETARIO



*Arturo J. Méndez*

Arturo José Méndez Penín